

A VIAXE DE NISHA

[Iram Haq, 2017]

427

ESTREA EN NUMAX: 17.08.2018 | V.O.S.E. | +16

Hva vil folk si (2017, 106')

Dirección: Iram Haq

Guión: Iram Haq

Elenco: Maria Mozhdah, Adil Hussain, Ekavali Khanna, Rohit Saraf, Ali Arfan, Sheeba Chaddha, Jannat Zubair Rahmani, Lalit Parimoo, Nokokure Dahl, Isak Lie Harr

Son: Daniel Angyal

Montaxe: Janus Billeskov Jansen, Anne Østerud

Vestuario: Rohit Chaturvedi, Ida Toft

Dirección de arte: Michael Randel

Música: Lorenz Dangel, Martin Pedersen

Fotografía: Nadim Carlsen

Produtoras: Mer Film, Rohfilm Factory GmbH, Zentropa International Sweden, Film I Väst, Snowglobe Films (Noruega, Alemaña, Suecia)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Noruegués, urdu

FILMOGRAFÍA

I Am Yours, 2013

PREMIOS E FESTIVAIS

Toronto 2017 (Sección Platform),
D'A Film Festival (Talents)

SINOPSE

Nisha é unha moza de dezaseis anos que ten unha dobre vida. En casa é unha perfecta moza pakistaní, pero cos seus amigos transfórmase nunha adolescente norueguesa como as demais. Cando seu pai a encontra co seu mozo, os dous mundos de Nisha baten brutalmente. Así, seu pai decide illala da sociedade europea que coñece e enviala a Pakistán cos seus familiares. Nisha deberá encontrarse a si mesma a través da viaxe ás súas raíces.

«A cineasta explora de forma intelixente os problemas dun personaxe atrapado entre culturas, a partir da súa desgarradora experiencia vital»

Alissa Simon, VARIETY



“Gústame explorar as relacións humanas máis próximas”

Entrevista con Iram Haq

De onde vén o título orixinal do filme? *What Will People Say* (título internacional) é unha expresión coa que todos os pakistanís e indios poden identificarse. En hindi e urdu é unha expresión que se emprega con frecuencia en familias e contornas onde a tradición e a honra son moi importantes. Esta importancia que se dá ás opinións da xente é algo do que me quero desfacer.

Pero nun nivel máis persoal, que significa realmente para ti este dito? Detrás de todo isto hai un desexo persoal de vivir unha vida honesta, ser fiel a ti mesma. Facer as cousas que quero facer e non vivir para os demais. Simplemente non está na miña natureza axustarme aos demais. É por iso que me parece interesante analizar o que provoca nas persoas amoldarme aos desexos e necesidades doutra xente.

Que tipo de conversas agardas que xere o filme? Espero que abra unha comprensión profunda do dilema en que se atopan pais e fillos, especialmente cando proveñen de mundos tan diferentes como Nisha e seu pai. Non estou interesada en provocar a ninguén, pero teño unha gran necesidade de contar unha verdade.

Como mudou o proceso creativo desde o intre en que concibiches a idea inicial? Agardei até ser o suficientemente madura como para poder transmitir esta historia de xeito suave, para evitar que fose un relato sobre uns pais terribéis e unha pobre moza. Poñerme na súa situación é naturalmente máis difícil para min que identificarme coa miña propia xeración, pero tiña que tentar poñerme na súa pel para miralo desde ambos lados. Tamén falei con psicólogos que traballan cos servizos de protección infantil e outras nenas multiculturais.

Que elementos tenden a volver a ti cando escribes un guión? As narrativas que me interesan sempre veñen en primeiro lugar. O control social, as relacións familiares e especialmente a dinámica dentro da familia é algo que me interesa desde hai bastante tempo. Gústame explorar as relacións humanas próximas e como interactuamos entre nós.

A rodaxe dividiuse entre Noruega e a India. Como foi traballar alí? Traballar en Rajasthan foi unha experiencia máxica. Meus pais e os meus antergos son de alí. Coñezo o idioma e iso axudoume un pouco. Sentín que me atopei a min mesma alí. Estiven na India cinco veces e cheguei a compartir algúns recordos con meu pai mentres el aínda vivía. Iso significou moito para min.

Como foi traballar cunha ampla gama de actores, en termos de idade, experiencia profesional e diferenzas culturais? Encantoume ter todo un equipo indio a traballar xunto a daneses,

alemáns e suecos. Os actores foron incríbeis todo o tempo; quéroos a todos. Achégaste moito á xente nun proceso creativo tan intenso como é facer unha película. Maria Mozhdah, que interpreta o papel principal, é unha moza realmente incríbel. Hai algo simplemente extraordinario nela. Tivemos unha química tan abraiante no set que ás veces mesmo esquecía que só ten 17 anos.

* * *

Notas da directora

A historia d’*A viaxe de Nisha* é a máis persoal que fixen até o de agora. Cando tiña 14 anos fun forzada por meus pais a vivir en Pakistán durante ano e medio. Agardei até que me sentín preparada como directora e persoa para contar esta historia de maneira intelixente e prudente. É dicir, sen facer parecer a nena unha simple vítima e a seus pais simples perpetradores. Quería contar unha historia de amor imposíbel entre pais e filla, unha que non pode ter un final feliz mentres a fenda entre dúas culturas sexa tan grande. Quería situar o público do lado de Nisha e as súas emocións durante todo o filme. Tras un longo proceso de casting, finalmente atopamos a Maria Mozhdah, perfecta para o papel. Foi un descubrimento incríbel e un pracer traballar con ela e con outros actores con máis experiencia.

Publicado en www.avalon.me
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!